

# Maria Boguszewicz, Ana Garrido González

---

## Presentación

---

Itinerarios. Revista de estudios lingüísticos, literarios, históricos y  
antropológicos nr 20, 9-11

---

2014

Artykuł został opracowany do udostępnienia w internecie przez Muzeum Historii Polski w ramach prac podejmowanych na rzecz zapewnienia otwartego, powszechnego i trwałego dostępu do polskiego dorobku naukowego i kulturalnego. Artykuł jest umieszczony w kolekcji cyfrowej [bazhum.muzhp.pl](http://bazhum.muzhp.pl), gromadzącej zawartość polskich czasopism humanistycznych i społecznych.

Tekst jest udostępniony do wykorzystania w ramach  
dozwolonego użytku.

## PRESENTACIÓN

Os artigos reunidos nesta compilación derivan das reflexións que emprendemos no seo do foro galego do congreso “¿La voz dormida? Memoria, identidad y género en las literaturas hispánicas” que tivo lugar en Varsovia entre o 24-26 de abril de 2014. Durante o congreso indagamos nas manifestacións literarias e teóricas dos conceptos de identidade, xénero e memoria. Inmersos neste debate centrámonos na especificidade e repercusións que este tiña nas letras galegas e en como se abordou dende a identidade cultural galega a recuperación da historia non-oficial e as identidades heterodoxas que se realizan a través da (re)creación da voz da muller silenciada ou reprimida. O resultado desta pescuda foi a reconstrución do non-dito ou do non-dicible, do calado e do silenciado na narrativa, na poesía e no teatro e tamén do que a sociedade cala pero os autores devolven a actualidade. A reflexión sobre a relación entre as identidades, o xénero, a historia e a memoria, está pendente no conxunto de debates que se desenvolveron sobre a memoria histórica e a memoria colectiva. Seguimos á espera do desenvolvemento dunha memoria sen exclusións para unha historia crítica, tanto dende o punto de vista histórico como do político, xa que a memoria é sempre unha construción política, cunha existencia simbólica. Cumpre tamén combinar a pluralidade de memorias e identidades coa esixencia dun coñecemento crítico, a partir de memorias subordinadas ou dependentes, fronte a unha única “memoria histórica”, que pode ser un instrumento de poder. Os textos que presentamos a continuación agrúpanse en torno eidos moi diversos, pois pretendemos con este monográfico un achegamento panorámico aos Estudos Galegos, porén todos os traballos xiran ao redor desa revisión crítica da historia, a memoria e as construcións de xénero e identitarias a partir do discurso literario e historiográfico, tentando recuperar a palabra esquecida entendida como o conflito entre a historia oficial e a escritura fronte a historia non oficial e as autorías silenciadas, así como a mitificación e a desmitificación manifestadas nos discursos históricos confrontados como ferramentas políticas e ideolóxicas.

María Reimóndez concibe o pasado como un texto en continua construción do que depende a lexitimidade dos diferentes discursos. Partindo da definición da hexemonía de Eagleton, a escritora describe como unha serie de valores xustificantes da desigualdade se inscriben, a través de imaxes, na consciencia social. Desta maneira a ideoloxía dominante pasa a ser invisible. O subalterno está estreitamente ligado ao xénero. A muller queda representada (pero non auto-representada). Son os estereotipos os que permiten o mantemento da hexemonía. A muller, queda relegada ás marxes e imposibilitada para esixir os seus dereitos. É precisamente neste punto onde Reimóndez ve o papel fundamental da literatura, pois ten a capacidade de construír outras imaxes e de inscribir de novo as mulleres na historia.

O diálogo co pasado, aínda que abordado desde unha perspectiva ben distinta, é tamén o punto de partida para Antía Marante Arias que analiza a construción da identidade feminina na poesía galega actual. A investigadora céntrase nos conceptos de memoria, infancia e fenda mediante os cales vencella memoria e escrita. Sinalando a precariedade estrutural do sistema literario galego, Marante mostra como as voces novas son proba da súa vitalidade, heteroxeneidade e inconformismo.

A produción poética galega das últimas décadas é tamén o centro de interese para Alba Cid Fernández que sinala, novamente, a ligazón entre literatura e historia. Volve sobre a potencia do imaxinario do que tamén falaba Reimóndez, pero esta vez enfocado cara a construción da memoria nacional. Os elementos atlantistas, os temas medievais, a intertextualidade coa literatura popular van servir para a reescritura da historia literaria.

A literatura ten a potestade de reescribir a memoria e construír a identidade cultural dunha nación. Xurxo Martínez González, seguindo a Even-Zohar, subliña a función social dos produtores de cultura que no contexto do Rexurdimento galego recorrían na súa expresión artística a unha lingua aínda considerada por moitos dialecto. Esta escola rebelde é expresión de diferencialidade e serve para manter a memoria e, a través do pasado compartido, creando lazos entre os habitantes dun mesmo territorio.

A aposta pola lingua minorizada, sobre a que pesan prexuízos e deformacións, é aínda máis difícil no caso do suxeito feminino. Laura Tato Fontaiña analiza a participación feminina na vida teatral das primeiras décadas do século XX e constata como esta era, en xeral, acorde o rol que tradicionalmente se marcaba para ás mulleres na sociedade e cultura galega da época. Ademais dunha extensa presentación das obras dramáticas protagonizadas por mulleres, Tato recrea o mundo teatral da época sinalando a escasa presenza de escritoras neste ámbito e as dificultades que tiveron que afrontar as actrices que decidiron actuar nas pezas feitas en galego.

O teatro deste período precisamente, aínda que non desde a perspectiva feminina, era o que buscaban recuperar os dramaturgos galegos de finais da década dos sesenta do século XX. Motivados por tentar recuperar e poñer en valor unha historia teatral que a ditadura franquista silenciaba. Un intento nobre pero mal calculado pois, como argumenta Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes, trátase dun intento frustrado xa que as pezas anteriores ao golpe de estado non respondían ás demandas formais, temáticas e estéticas dos que se propuxeran recuperalas. O único que realmente se chegou a recuperar nestes anos foi a memoria da actividade dramática galega das primeiras décadas do século XX.

Todos estes problemas que acabamos de ver: a reescritura do pasado histórico a través da literatura, a dobre discriminación sinalada polo feminismo e poscolonialismo, a precariedade do sistema literario, a construción da identidade nacional... Están intimamente vinculados á situación sociolingüística da lingua galega. Desmontando os mitos da Castela medieval, Xosé Ramón Freixeiro Mato recupera a historia de Galicia e da súa lingua, obxecto de manipulación pola ideoloxía dominante. Deste xeito tornamos á idea de hexemonía que tan acertadamente definiu María Reimóndez como a imposición das imaxes, esta vez as imaxes que reflicten o lugar da lingua e cultura propias de Galicia no espectro peninsular.

Con este volume queremos continuar abrindo os Estudos Galegos a Polonia e dar a coñecer o os debates sobre identidade, xénero e memoria desde a perspectiva das culturas subalternas. Esperamos que novos investigadores comprendan a importancia, a riqueza e o interese de contemplar debates tan globais desde o punto de vista de quen, por unha razón ou outra, foi colocado nas marxes e animamos a aqueles investigadores que traballan desde o espazo das culturas e linguas minorizadas a compartir as súas pescudas desde *Itinerarios*.

*Maria Boguszewicz*  
*Ana Garrido González*